

O ESPIGONCIÑO



DÍA
DAS LETRAS
GALEGAS

G·B

Alejandro

O ESPIGONCIÑO

Un curso diferente.

Este curso foi moi diferente aos demais, porque como todos xa sabemos a Covid-19 fíxoo totalmente distinto ao resto dos anos. Ao principio era complicado soportar a máscara tantas horas, cumprir todas as medidas (botar o xel, respectar a distancia,...), pero a estas alturas, polo menos para min, xa estou afeita. Non foi un curso complicado a nivel académico, pero tampouco demasiado fácil.

Para todos os alumnos de sexto xa é o noso último trimestre en primaria, e vouno a botar de menos. Por unha banda vivín moitas experiencias nel, e tamén é normal que o botemos de menos porque despois de todo foron nove anos máis ou menos os que estivemos no colexio. É impresionante como pasa o tempo! Aínda parece que foi onte cando empezamos infantil.

Creo que o instituto vai ser como o colexio pero máis grande e con xente xa maior, ademais doutros profesores. Teño ganas de ir para saber que se sente ao estar alí, aínda que se me vai facer un pouco raro.

Melisa Ferreiro Meza 6^ºA

Lembranzas.

Só quedan dous meses para que este curso remate! Tamén quedan dous meses para que os nenos/as de sexto deixemos este colexio definitivamente. O vindeiro curso empezaremos no instituto, un centro diferente ao que non estamos afeitos, pero no que o imos pasar estupendamente.

Dame moita pena deixar o lugar no que xoguei, rin, aprendín... Ás veces tamén tiven discusións cos meus compañeiros/as, pero sempre se solucionaron. Nunca vou esquecer todo isto e tampouco aos mestres/as que me tocaron e ensinaron ao longo destes anos. Estudei aquí desde 4^º de Educación Infantil e son moitos os recordos e as experiencias vividas: debuxos para as portadas deste xornal, concursos, saídas ao monte, excursións... Canto o vou botar de menos!!!

Como é habitual, este mes celebramos o Día das Letras Galegas e este ano homenaxeamos a Xela Arias. Xela foi unha escritora, poeta, tradutora, editora e profesora galega que sempre apostou pola nosa lingua. Algunhas das súas obras son: "Darío a diario", "Denuncia do equilibrio" e "Tigres coma cabalos".


Toca despedirse e despídome con moita mágoa, pero espero que os que quedades no cole o pasedes tan ben coma min durante todos estes anos.

Moitas apertas e feliz Día das Letras Galegas!!!

Paula Lorenzo Garrote 6^ºB


Sumario

| | |
|--|----|
| A primavera | 5 |
| As flores da primavera..... | 9 |
| O noso horto | 11 |
| Buscando estrelas | 13 |
| Un entroido hippie | 15 |
| Obradoiro de monicreques | 16 |
| Buscando vida no Universo..... | 19 |
| Un lugar para visitar | 23 |
| Que é un libro para ti? | 29 |
| Letras galegas: Xela Arias Castaño | 36 |
| Paisaxes protexidas | 38 |
| Entrevista: Juan Barcón..... | 39 |
| Un verán divertido | 40 |
| Cómic: Club club Academy | 41 |
| Biblioteca. | 46 |
| Pasatempos..... | 54 |



Letras Galegas

2021



AITAMA 4A

A PRIMAVERA

DONA PRIMAVERA

CHEGA AO SEU
PASO

FLORECE^N AS
ROSAS.

BROTAN AS
SEME^NTES



V OAN BOLB ORETA?



BRILLA O SOL
AO VELA,



CANTAPPAOERÍA



EGRIANOS:
NENOS



- UIVA A PRIMAVERA!



AULA DOS PEIXES

4º E.I.



AS FLORES DA PRIMAVERA

1º APRENDEMOS SOBRE
DIFERENTES TIPOS DE FLORES



2º CONOCEREMOS AS NECESIDADES
DAS FLORES: COMIDA
RESPIRACIÓN



30 ELABORAMOS O NOSO

RAMO



FLORES



SOFIA
RAÚL MIA LOLA ARTURO

JULIA
SARA LUCÍA FRAN

MEL DIEGO LUCAS
IHIAGO AARÓN

LEPRE DENIS JULETV
MANUEL

5º EDUCACIÓN INFANTIL: A CLASE DAS ABELLAS



O noso horto.



AS FRORES DO HORTO
TIRAMOS AS MALAS
HERBAS CUN SACO



2º BOTAR SUBSTRATO
NA TERRA



3º BOTAR AS SEMENTES
4º REGAMOS
5º ESPERAMOS A VER
FLORESA N



PASAMOSO XENTALI!

ALUMNOS 1AB 0E1




Alumnas e alumnos de 6º de Infantil.

BUSCANDO ESTRELAS

Os alumnos e alumnas de 1º de primaria descubrimos que se trazamos unha liña imaxinaria entre un grupo de estrelas formamos unha constelación. Aprendemos que existen 88 constelacións que representan a figura dun animal, dun ser mitolóxico ou algún obxecto inanimado. De todas elas escollemos a que máis nos gustou e así a representamos:



POLARIS



A Osa Maior, coñecida como O Carro ou O Cazo pola forma que debuxan as súas sete estrelas principais, é unha constelación visible durante todo o ano no hemisferio norte. **LUCÍA**

A Osa Menor tamén é unha constelación do hemisferio norte. Comparte o nome coa Osa Maior. A súa estrela principal é a estrela Polar, coñecida como Polaris, que permanece case fixa no ceo e sinala o Polo Norte. **ADAY**



Cefeo é unha constelación do Norte que representa ao rei de Etiopía Cefeo, esposo de Casiopea e pai de Andrómeda. **PACO**



Na mitoloxía grega, Casiopea é a nai de Andrómeda e esposa de Cefeo. Casiopea sinala ao Norte e á estrela Polar. Ao ser tan fácil de recoñecer é moi usada para atopar o Norte cando non é posible utilizar a Osa Maior. **SABELA**


Andrúmeda é unha constelación do hemisferio Norte. Na mitoloxía grega era a filla de Casiopea e Cefeo, reis de Etiopía. **ERIKA**



O **dragón** na mitoloxía romana, foi un dos titáns xigantes que loitaron cos deuses olímpicos. A cabeza do dragón está representada por un cuadrilátero de estrelas situadas entre Hércules e a Osa Menor. **AINOA**



Hércules foi considerado como un dos heroes máis importantes dos gregos, era fillo de Zeus. Está representado na constelación como un home acesollado. **VALERIA**



Algúns decidimos facer un signo do zodíaco porque descubrimos que o signo zodiacal dunha persoa está determinado pola constelación do zodíaco que está enfronte do Sol no momento do seu nacemento. Estas están ao redor da traxectoria que sigue o Sol no ceo.




A constelación do **león** de lume é unha cabeza do león representada por un grupo de estrelas en forma de fauce. **ESTELA**

A constelación de **Xéminis** representa aos xemelgos Cástor e Pólux da mitoloxía grega. O seu grupo de estrelas forma dúas liñas paralelas que coinciden na estrela Pollux. **NICOLÁS**



Na astroloxía, **Capricornio** é representado como un animal híbrido con cabeza de cabra e cola de peixe. **ELSA**

Acuario é unha figura coñecida como O Augador, un ser mitolóxico que se encarga de repartir a auga, símbolo da sabedoría. **KHLOE e ELEN**



O nome da constelación de **Aries** significa O Carneiro en latín. O símbolo representa os seus cornos. **LOLA**

O símbolo astrolóxico de **Piscis** é representado por dous peixes nadando en sentidos opostos; mentres que a constelación forma unha letra V. **MATEO**



UN ENTROIDO HIPPIE

Como todo neste curso o entroido tamén foi un pouco estraño. Aínda así, desfrutamos moito cos mandados do esqueleto que ao longo da semana nos foi dando ordes para ir completando o noso disfrace e acabar como uns auténticos hippies.



Para ver e descargar estas e máis fotos visitar a páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/galeria/>

Obradoiro.



Obradoiro de monicreques

Gústanos moito xogar a crear personaxes e improvisar historias con bonecos de todo tipo. Ao principio parece difícil, pero despois ocórrensen moitas cousas e algunhas bastante divertidas.



Na clase de plástica fixemos os nosos monicreques persoais e quedaron así de bonitiños:

| | |
|--|----------------------|
| | MATERIAIS |
| | Culleres de plástico |
| | Pintura laranxa |
| | Ollos adhesivos |
| | La |
| | Goma eva de cores |
| | Pistola de silicona |
| | |
| | |
| | |

O proceso foi o seguinte:



Pintamos o reverso das culleres



Xa temos a cara e pegamos os ollos



Facemos o pelo ao noso gusto con la




Pegamos o pelo con un punto de silicona



Van collendo forma




Facemos a boca e o nariz con goma eva




Probamos varios tipos de bocas



Pegámolas tamén na cara do boneco




Deseñamos a roupa en papel



Calculamos ben as proporcións



Pasamos os deseños a goma eva por duplicado e pegamos na culler



Este hai que facelo un pouco máis ancho...

Alumnas e alumnos de 2º A





BUSCANDO VIDA NO UNIVERSO

O Concello, inscrito no programa "Ciudad Ciencia" do CSIC (Centro Superior de Investigacións Científicas) ofertounos actividades e, para o alumnado de 2º de primaria escollimos "Buscando vida en el universo", pois estábamos estudando os planetas. A Actividade realizouse o día 26 de marzo ás 11h.

Na videoconferencia, o investigador, Juan Ángel Vaquerizo, comezou explicándonos o estado da auga no planeta Marte cun pequeno experimento que nos ensinou a través da pantalla.

Falounos da nave "Perseverance" que aterrizou neste planeta e tamén algunhas curiosidades do planeta vermello: atópase a millóns de quilómetros, hai auga (aínda que está conxelada), non se pode respirar, hai montañas e rochas volcánicas... Alí non hai nin auga (en estado líquido), nin aire nin alimento. Hai cráteres e un fondo oceánico que tivo e que despareceu, tal e como nos contou, ou se conxelou... Según Juan Ángel, isto ten que ver coa presión atmosférica, pois en Marte non a hai. No inverno alcánzanse temperaturas de ata -100° e no verán -10° .



Tamén nos dixo que a nave "Perseverance" enviada pola NASA, levou un helicóptero chamado "Ingenuity", do que pronto teríamos noticias a través da prensa... e así foi! O 29 de abril no xornal "La Voz de Galicia" lemos unha noticia sobre isto.



Recorte da noticia "La Voz de Galicia"



Imaxe do Ingenuity e do R. Perseverance (google)



Logo da NASA

Finalmente, contounos que se está a preparar unha misión cunha estación na lúa coma se fose una "parada" para chegar a Marte. E por suposto, non se podería ir sen un traxe espacial, que por certo, son moooooi caros!!



Logo de toda esta información, prestouse a que os nenos de 2ºA e 2ºB lle fixéramos preguntas relacionadas tamén cos demais planetas... Asombrouse pola nosa curiosidade e tamén se alegrou porque quixéramos saber tantas cousas!



Curiosidades que aprendimos!




- En Marte non se pode respirar, todo é de cor alaranxado.
- Os meteoritos son asteroides que se moven e impactan contra os planetas.
- Plutón é moi pequeno, aínda que tamén hai outros moi pequeniños que non os nomean como planetas.
- Para chegar a Marte necesitaríamos entre 6 e 9 meses. A última nave enviada tardou 7 meses e medio en chegar (aproximadamente 230 días). O ano que vén, "ExoMars" da ESA tardará máis ou menos 9 meses.
- Urano da voltas en horizontal porque cren que chocou e xira dese modo.
- Mercurio é rápido porque é o máis cercano ao Sol.
- Xúpiter é tan grande porque ten materia que se lle foi pegando; casi é unha estrela.
- A materia aglutínase pola gravidade, polo que, o que pesa máis, afunde.




European Space Agency

Logo da Axencia Espacial Europea (ESA)



- No planeta Terra hai osíxeno (que é un gas), pero nos demais planetas hai atmósfera pero non poderíamos respirar. Mercurio non ten atmósfera, e algunhas das lúas dos planetas sí teñen atmósfera.
- No espazo hai gravidade.
- Na Terra hai paisaxes parecidas a Marte, como por exemplo, Río Tinto en Huelva.
- Ata o momento non foi ningún humán a Marte, só robots e agora, tamén un helicóptero.
- Nos anos 60 viaxaron á lúa unhas 12 persoas.
- O anel de Saturno está feito de pó.
- Os traxes espaciais están feitos de moitas capas porque ou vai moito frío ou moita calor; cada unha das capas serve para protexer ao astronauta, e pode chegar a custar varios millóns de euros!
- En Marte sí houbo algúns terremotos, de escala 3 e 4.
- Xúpiter é gaseoso, polo que non poderíamos pisalo.

→ Colorea e nomea os planetas do Sistema solar:



Ficha de edufichas.com



Alumnado de 2º E.P.



Un lugar para visitar.


Un lugar para visitar

Os nenos e nenas de 3º de Primaria estivemos a estudar os paisaxes de costa e de interior. No noso conxecto atopamos moitos elementos que estudamos e decidimos facer un mural con fotografías que trouxemos, nos que vemos esos elementos. Ademais, cada un de nós queremos recomendarvos un lugar para visitar de todos os que estivemos a ver e a estudar.

Como na nosa clase temos compañeiros e compañeiros doutros países tamén vos recomendamos lugares de China, Rusia, Cuba, Rumanía e Ucraína.

Desexamos que vos guste!

Alumnos e alumnas de 3º de Primaria.




Xabi recomendavos ...




Glib recomendavos...



Rocio recomendavos...





Taisiya recomendavos...



Sergio recoméndavos...




Sara e Miguel recoméndavos...



Jesús recoméndavos...



Manuel recomendavos...



Adrián Fustes recomendavos...




Paula recomendavos...




Vera recomendavos...




Carlos recomendavos....




Laira recomendavos...




Óscar recomendavos...



Adrián Fojón recomendavos....



Diego recoméndavos...



Alejandro recoméndavos...



Alumnos e alumnas de 3º de Educación Primaria.



QUE É UN LIBRO PARA TI??

REFLEXIÓNS E "CHUVIA DE IDEAS"

I
l
u
s
t
r
a
c
i
ó
n



- UN LIBRO PARA MIN É FANTASÍA E LEDICIA, UN LIBRO PARA MIN É UN BRINCO.

Entusiasmo

H

i

s

t

o

r

i

a

E

x

p

r

e

s

i

ó

n

- UN LIBRO É O MELLOR, EMOCIÓN E SENTIMENTO, É ALGO MOI DIVERTIDO, CON MOITA CULTURA.



- PARA MIN UN LIBRO É UN NOVO XEITO DE APRENDER COUSAS INTERESANTES.



Aventura

Humor

- PARA MIN UN LIBRO É UN MUNDO NOVO.



Fantasía

Creatividade

Suspense

Maxia

Narrador/a

I
l
u
S
l
ó
n

I
n
f
o
r
m
a
c
i
ó
n

A
f
i
c
i
ó
n

C
ó
m
i
c




PARA MIN UN LIBRO É UNHA AVENTURA

Información

Lectura

• PARMIN UN LIBRO É UN CONTO CON MOITA FANTASÍA E CON MOITO PENSAMENTO.



Poesía

Teatro

Novela



É UN CONTO

Ensaio

Autor/a

Curiosidade

Terror



Imaxinación

Amor



• UN LIBRO PARA MIN É UNHA ENTRADA Á FANTASÍA E Á SABIDURÍA.

• UN LIBRO PARA MIN É COMA UNHA NUBE DE PALABRAS, UN MUNDO MÁXICO.

Tristeza

E
m
o
c
i
ó
n

Entusiasmo

Entendemento

A
p
r
e
n
d
e
r



Enfado
Ledicia

- UN LIBRO PARA MIN É UN MUNDO INTERESANTE, CON AVENTURA, EMOCIÓN, APRENDIZAXE, SUSPENSE...

PARA MIN UN LIBRO É COMA UNHA XOIA PORQUE ÁS VECES FAI VOAR A MIÑA IMAXINACIÓN E ME LEVA A UN MUNDO NOVO.

Tranquilidade

M
e
d
o
s
i
t
o



- PARA MIN UN LIBRO É COMA ENTRAR NUN MUNDO INCRIBLE, HAI COUSAS FASCINANTES.

Frustración

- PARA MIN UN LIBRO É ENTRAR NUNHA PORTA IMAXINARIA E MÁXICA. ALGÚNS LIBROS FALAN DE PERSOAS IMPORTANTES.



P
o
e
t
a

Escritura

Libreiro/a

Ler

r/a

C Libro

a
p
í
t
u
l
o



- PARA MIN UN LIBRO É UN MUNDO NOVO CHEO DE FANTASÍA, CHEO DE ANIMAIS RAROS, CHEO DE PRANTAS E ÁRBORES...PARA MIN UN LIBRO É UN NOVO MUNDO ONDE CHOVEN FOLLAS DE PAPEL.

- PARA MIN UN LIBRO É UNHA PORTA A UN MUNDO FANTÁTICO.

Tomo

Biblioteca


B
i
b
l
i
o
t
e
c
a
r
i
a

- PARA MIN UN LIBRO É UNHA ACCIÓN E RESPECTO.



C Librería

u
l
t
u
r
a



Amizade

Conto

Personaxes



- UN LIBRO PARA MIN É ALGO FANTÁTICO, EDUCATIVO E IMAXINATIVO, ONDE APRENDO MOITO.

- PARA MIN UN LIBRO É UNHA AVENTURA E UN ENTRETENEMENTO, UNHA PORTA Á IMAXINACIÓN.

Ler

I
l
u
s
t
r
a
r



- PARA MIN UN LIBRO É UNHA HISTORIA FANTÁSTICA CHEA DE EMOCIÓNS E É UNHA FELICIDADE EXTREMA.

Narrar

Literatura



- PARA MIN UN LIBRO É SALTAR A UN MUNDO IMAXINARIO.

Contar


Relatar

- Os nenos/as de 4º estamos a participar nun proxecto de Lóva titulado "EnCanto", e que consiste en pensar quen podería necesitar una canción. Nós decidimos compoñela e dedicarlle aos anciáns da Residencia Betania de Viveiro cos que, fai xa tres anos, compartimos una xornada que non esquecemos xamais. Escribiremoslles unha carta e enviaremoslles unha canción. Isto foi o que resultou:




"DE VÓS APRENDÍN"
Hoxe vou falarche
dos meus heroes
Que me viron sorrir
Desde a monxa que nos recibiu






Ata o ancián que nos dixo adeus
Se nos preguntas a nós,
de vós aprendín
Que hai persoas polas
que vale a pena derreterse



Todo é posible, incluso o imposible
As apertas están no corazón
A bondade está no interior
Recórdanos, ata dicindo adeus



Debo esquecer a tristura do exterior
Chorar tranquiliza os problemas da vida
Elimina a tristura , e crea un sorriso
Hai unha lágrima por cada riso(Ja, ja, ja)
Es más valente do que cres(Mmh-mmh)



Porque temos que vencer
A segunda aperta á dereita,
todo bicos ata o amencer



Aférrate a aquilo que che faga especial




Booooooooooooo
Segue soñando, segue soñando





Grazas por axudar
 Botámosvos de menos
 Grazas por estar aí!




Booooooooooooo
 Segue soñando,
 segue soñando



Grazas por axudar
 Botámosvos de menos
 Grazas por estar aí!



Hakuna matata, vive e se feliiiiiz!!



**XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES.
 BÓTOVOS DE MENOS. ESPERO
 VERVOS MÁIS DUNHA VEZ.**



Letras galegas: Xela Arias Castaño.



Xela Arias Castaño, nada en Lugo 4 de Marzo de 1962 e finada en Vigo o 2 de Novembro de 2003, foi unha poeta, tradutora en varias linguas, editora, e profesora.

Tras ser proposta en varias ocasións anteriores, en 2020 a Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2021.

Naceu en Lugo, inda que inscribiron o nacemento en Sarria, co nome de María de los Ángeles, que mudou en 1984 polo de María dos Anxos, se ben foi chamada Xela desde os seis anos, que pasou a ser mais tarde o seu nome oficial.

Criada en galego estudou na Granxa de Barreiros, no Colexio Fingoi de Lugo, entre os catro e os sete anos. En 1969 a familia mudouse a Vigo, por ser destinado o pai como mestre de escola. En 1976 ingresou no Instituto Castelao do

barrio do Calvario. Facendo o COU, abandonou os estudos, e comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia, desde o seu nacemento en 1979 .Primeiro como oficinista, despois en creación e investigación e de 1990 a 1996 como correctora de estilo e editora.

Dende 1980 publicou en xornais e revistas coma *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución.

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

En 1991 retomou os estudos, iniciando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués.

No verán de 1992 casou co fotógrafo e matemático ourensán, con quen en 1994 tivo o seu único fillo, Darío.



No curso 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensino secundario, de lingua e literatura castelá. En anos seguintes foi docente en Chapela (Redondela) A Sangriña (A Guarda) e Álvaro Cunqueiro (Vigo).

Como autora traballou en moitos ámbitos, destacando *Non te amola!* Como a súa obra mais importante en narrativa; traducións dunha vintena de títulos de autores coma James Joyce, Gianni Rodari, Angela Carter, Bram Stoker, Jorge Amado,...; pero a súa poesía foi a mais recoñecida. No ano 1986 foi finalista en dous certames, o Premio Antón Losada Diéguez coa súa primeira obra *Denuncia do equilibrio*, e o Premio Esquíu de poesía con *Lili sen pistolas*, obra inédita.

En Novembro do ano 2003 Arias finou dun ataque ao corazón nun hospital de Vigo, con corenta e un anos de idade. Foi soterrada no cemiterio vigués de Pereiró.



Alumnas y alumnos de 5ºA

PAISAXES

PROTEXIDAS

A Rede Natura 2000 é unha rede de espazos protexidos da Unión Europea, creada co fin de protexer os espazos naturais máis importantes e conservar os seus hábitats naturais e flora e fauna silvestre.



Na zona do Ortegal temos:

- Zona de especial conservación (ZEC) “ Costa Ártabra “, que vai dende Ares ata o Cabo Ortegal.
- ZEC “ Ortigueira – Mera “.
- Zona especial de protección para as aves (ZEPA) “ Ría de Ortigueira – Ladrado “.
- Zona húmida de importancia internacional.

O noso concello de Cariño esta incluído no convenio RAMSAR (zona de especial protección das aves).

Tamén pertence a un LIC (lugar de interese comunitario).

O concello de Cariño está loitando pola creación do seu Xeoparque do Cabo Ortegal, un complexo litolóxico que é un referente a nivel científico por ser unha formación de rochas das máis antigas do mundo.

Nestas zonas as temperaturas suaves e as abundantes precipitacións favorecen unha rica vexetación formada por árbores da ribeira (castiñeiros, carballos, xuncos, felgos, matogueiras).

Esta ría acolle mamíferos como lontras, corzas, xabaríns ou raposos.

Nos seus humidais atopamos anfibios e réptiles como ras, tritóns, lagartos e tamén numerosas aves como as gaivotas, zarapito real, a garza, o chotacabras gris, o silbón europeo...



Alumnas e alumnos de 5ºB.



Entrevista.

ENTREVISTA MUSICAL A JUAN BARCÓN



Boas! Fai uns días, desde 5º tivemos a sorte de entrevistar a Juan Barcón, mestre de música e membro do recoñecido grupo de A Roda. Velaí van as preguntas que lle fixemos!

1. Como comezaches no mundo da música?

Un pouco por casualidade, empecei con doce anos na Escola de gaitas de Ortigueira. Era unha época na que non tiñan moita xente e para solucionar este problema fixeron un chamamento dirixido sobre todo á xente que nos atopabamos entre os dez ou doce anos. Posteriormente formei parte da Banda de Música de Ortigueira, xa que nesta agrupación era onde nos ensinaban o solfexo. Básicamente eses foron os meus comezos na música.

2. Que fas no teu día a día? Cales son os teus hobbies?

No meu día a día procuro deixar tempo para o estudo e para o deporte. O meu traballo é de tarde, polo que teño as mañás libres. Os meus hobbies son sair a camiñar, correr ou andar en bici. Temos unha zona moi boa para case calquera actividade deportiva. De todos xeitos temos dous nenos pequenos e non queda moito tempo.

3. Cal é o teu estilo musical preferido?

Non teño un só, gústame a música clásica, folk, tradicional galega, rock, etc.

4. En que te inspiras á hora de compoñer?

Moitas veces nun momento en especial, outras veces xurde espontáneo. Procuro cantar a idea e grabala no momento, despois e cuestión de darlle forma no instrumento.

5. Cal das túas cancións é a que máis che gusta?

Con quince anos compuxen unha canción para fruta de pico, que é como a fruta que tocastes no cole, logo completeina con unha segunda parte con gaita. Chameille Gran Sol en homenaxe á toda a xente que traballa no mar.

6. Cantos instrumentos tocas? Cal deles foi o primeiro?

Toco a gaita, a fruta traveseira, o saxo, o piano, o acordeón e a zanfona. O primeiro foi a gaita.

7. Coñeces, ademais de ti, a algún músico famoso? Quen?

Eu levo mais de trinta anos tocando en directo e sempre coincides con algún famoso, nos concertos ou na tele. Carlos Núñez, Susana Seivane, David Bisbal, etc.

8. Tes algunha anécdota que poidas contar?

Teño moitas, pero a última que me pasou foi tocando en Liechtenstein. Cando cheguei ó aeroporto de Zurich veu a recollerme un rapaz que fora o meu compañeiro no colexio de Ortigueira. Facía moito tempo que non o vía. Curiosamente nese mesmo concerto atopei a xente de Cariño. Cariño é internacional.

9. Sempre che gustou a música? Por que?

Como dixen ó principio eu empecei na música por casualidade, non recordo antes pensar nin ter interés por ela. Iso sí, cando empecei ía probar e levo trinta e cinco anos. Sempre animo á xente a probar porque a maioría séntese atraída por algún instrumento.

E ata aquí podemos ler! De novo, moitas grazas a Juan por concedernos esta entrevista. Esperamos velo pronto, esta vez subido a un escenario!

Alumnas e alumnos de quinto.



Un verán divertido.

Desafíos para o verán

Se es dos que se aburren no verán ou simplemente apeteceche aceptar un reto, desde 6ºA propoñémoste unha serie de desafíos. Ademais, con cada un sumarás puntos e ao final do verán poderás consultar o noso “**Veranómetro**”, que te dirá cun 100% de precisión o xeniais que foron as túas vacacións. Anímate a seguiilos e terás a diversión garantida!



- Pasar o videoxogo que máis che guste nun día → **2 puntos**
- Manterse nunha táboa de surf 7 segundos seguidos → **3 puntos**
- Dar 20 voltas á túa casa en menos de 5 minutos → **3 puntos**
- Bañarte en auga conxelada → **3 puntos**
- Facer un campionato de papaventos cos teus amigos → **3 puntos**
- Na praia aprender a dar unha cabriola no mar → **3 puntos**
- Mergullar en busca de peixes → **2 puntos**

- Tirarte de bomba na piscina mentres dis o teu nome completo → **2 puntos**
- Aguantar un día sen falar → **3 puntos**



- Botar 50 veces unha pelota sen parar → **3 puntos**
- Dar 15 toques cun balón de fútbol sen que caia ao chan → **2 puntos**
- Pintar un cadro para a túa habitación → **2 puntos**
- Saltar 20 veces seguidas á corda → **2 puntos**
- Compoñer unha canción → **2 puntos**
- Crear un horto no teu xardín → **2 puntos**
- Facer un álbum ou diario das vacacións → **2 puntos**
- Aprender a facer algo que non sabías facer → **1 punto.**



Veranómetro

| De 0 a 10 puntos | De 11 a 20 puntos | De 21 a 30 puntos | De 31 a 40 puntos |
|--|--|---|---|
| O teu verán é moi mellorable. Hai exames de matemáticas moito máis divertidos. | A iso chámalle vacacións? Quizais para un ancián o teu verán fose emocionante, pero ti poderíalo facer moito mellor. | Pode que non fose o mellor verán da túa vida, pero está claro que o pasaches moi ben. | Isto si que foi un verán divertido! Terás moitas anécdotas que contar aos teus compañeiros cando comece o novo curso. |

Alumnas e alumnos de 6ºA.






Cómic

CLUB CLUB ACADEMY



Na edición anterior, os superheroes ían comer algo antes de teletransportarse para loitar cos piratas que roubaron as vacinas contra a "Covid_19".




Nesta aventura os superheroes tentarán recuperar as vacinas. Conseguirano???

Comezamos coa presentación dos novos personaxes.















BIBLIOTECA



AQUÍ VOS DEIXO UNHAS ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO EQUIPO DE BIBLIOTECA E REALIZADAS POLO ALUMNADO DO COLE.

DÍA DE ROSALÍA- 24 DE FEBREIRO





OS TEMAS PROPOSTOS
DENDE A BIBLIO FORON:

EI A NENA ROSALÍA

1º-2º ROSALÍA E A

NATUREZA

3º ROSALÍA E O MAR

4º ROSALÍA E O FEMINISMO


5º EP ROSALÍA EN
COMPOSTELA


6º O AMOR A GALIZA EN
ROSALÍA

EN CORNES
Formoso campo de Cornes,
cando te robes de
tamén se me robe a salra
de pensamentos sombrizos.
De Cornes lindo lugar,
que curran tantos
anque cuberto de
as fan guiros.

Antre as
antre os
por antre os
regos por antre as
abaixo está o moiro
Compostela
Arriba ou
todo é calma na campia..

1º EP "Follas Novas"






SEMANA DA PRENSA 8-12 DE MARZO

“AS DOCE  DUNHA MESMA NOTICIA”. ANIMÁDEVOS A LELAS, SON DIVERTIDÍSIMAS





UN DINOSAURO VAI COMER CARIÑO

O luns 19 de xaneiro no peirao de Cariño apareceu un dinosauro comendo aos barcos e aos mariñeiros. Mentres os golfiños xogaban ao seu lado sen problema porque eran os seus amigos. A xente de Cariño intentou matalo con lanzas potentes pero non o conseguiron. Entón probaron dándolle peixe envelenado e matárono. Cando morreu abríronlle a boca e saíron felices os mariñeiros. Todo o pobo saíu a celebralo.


ALUMNADO DE 1º DE EP



“LA JIRafa MARINA SALVA AL PUEBLO”

Hacia algún tiempo que en el puerto de Cariño se veían animales marino extraños: gatos marinos, ocapis de mar, cratercangrejos, e t c Ayer domingo asomó del agua una jirafa marina que asombró a todo el pueblo. Querían avisar a todo el pueblo de cariño de que se acercaban unas jirafas peligrosas.

ALUMNADO 2º A EP



“AVISTAMENTO DE DINOSAURO NO ORTEGAL”

Onte 12 de marzo de 2021 descubriuse que hai un novo animal mariño debaixo das nosas augas. Un acuatisauro foi visto por dous submarinistas preto do porto de Cariño. Atopábase en perigo enredado nunha rede de pesca, e dous golfiños axudárono a saír, O dinosauro acabou sendo famoso en toda España despois da noticia. Dende aquela todo o mundo quere vir a Cariño a coñecer a nova especie.

ALUMNADO 2º B EP



FANTÁSTICOS ANIMAI MARIÑOS”

Na tarde de onte golfiños e un estraño ser mariño visitaron o porto de Cariño. Os veciños e veciñas quedaron moi sorprendidos e moitos comezaron a sacarlle fotos. Un pescador achégase a súa lancha para ver mellor aos golfiños e ao ser mariño. Os golfiños nadaron xunto á lancha pero o outro animal fantástico non se achegou.

Numerosos científicos de todo o país estudan esta estraña criatura. ALUMNADO DE 3º EP



“APARECE UN MEGALONESS DAS PROFUNDIDADES MARÑAS CUNS GOLFIÑOS”

Onte no porto de Cariño, apareceu un monstro das profundidades mariñas nadando xunto a uns golfiños. Un grupo de científicos e científicas da Xunta de Galicia achegáronse á vila para vixiar o seu comportamento, queren saber a que especie pertence, se causa danos, se hai máis pola zona, cal sería a razón do seu acercamento á costa. Polo pobo axiña correu a nova e os menos e nenas do cole de Cariño foron entusiasmados a observalo. Cando os viu, o Megalones púxose moi nervioso e tirou a una nena á auga. Todos e todas pensaron que lle faría dano, estaban asustados, pero sucedeu todo o contrario, montouno no seu lombo coa axuda do seu longo pescozo, deulle un paseo pola praia e volveuno deixar no peirao. Parece una especie amigable. Espéranse noticias dos científicos e científicas.

ALUMNADO DE 4ºEP



“HEROES DO DÍA”

Un pesqueiro que se atopaba a 100m do porto de Cariño cara ás 12:00 do mediodía coma un monstro mariño se acercaba á proa. Segundo acordaban as fontes que presenciaron o ataque o monstro mariño abalanzouse sobre a parte dianteira do barco onde se encontraba un mariñeiro, o mariñeiro caía á auga, os compañeiros intentaron axudarlle, pero había tanta ondada que non deron feito. Sobre a superficie da auga apareceron un valentes golfiños, rescataron ao mariñeiro subíndoo ao lombo a un deles. Cando os mariñeiros viron como o rescataban tiráronse ao mar e foron socorridos polos demais golfiños. O monstro e o barco acabaron no fondo do mar e non sabemos se volverá a saír para atacar de novo. No porto todos os mariñeiros foron atendidos polos servicios de urxencias e os golfiños convertéronse no heroes do día.

AALUMNADO DE 5º A DE EP



“O MONSTRO DA RÍA DE ORTIGUEIRA”

Onte pola noite atoparon ao monstro da ría de Ortigueira espantando a todos os barcos e pescadores que estaban no porto, facendo que chamaran á policía local.

Despois de investigar moito, descubriron que o monstro estaba alí debido as fortes correntes que o desorientaran do seu hábitat e viñera parar aquí.


ALUMNADO 5º B EP



“A VISITA INESPERADA DO MONSTRO DO LAGO NESS”

A noticia bastante sorprendente que nos chegou hai uns días é o que se pode ver na imaxe. O monstro do lago Ness no porto de Cariño(A Coruña):Todas as persoas que estaban alí quedaron máis que sorprendidas. Cando chegaron as autoridades dirixíronse a todo o mundo para que apartasen da zona. Os policías falaron co monstro e el díxolles que quedara coa súa familia para comer en Cedeira e que se perdera, por iso terminou alí. Tamén dixo que ía comer caldo e que estábamos todos convidados. As autoridades, respecto disto, decidiron poñerlle una boia como colgante que dicía “Especie non perigosa” e asinárona. Ao final, un barco grande dirixido polos policías levouno até onde quedara coa súa familia e eles, de paso, quedaron tamén a xantar.

ALUMNADO 6º B EP



“OBXECTOS ARQUEOLÓXICOS E CRIATURAS MARÑAS EN CARIÑO”



Fai uns días, no porto de Cariño(A Coruña), apareceron unhas sorprendentes criaturas mariñas que non se adoitan ver por esta zona: tres golfiños e o monstro do Lago Ness. Aínda non se determinaron as causas da súa repentina aparición, pero todo parece indicar que se trasladaron polo aumento das temperaturas do mar que se está a producir debido ao quentamento global.

O máis sorprendente da noticia é que preto destes animais había una especie de pa prehistórica, posiblemente utilizada para a agricultura:

Arqueólogos/as especializados/as están investigando estes restos materias que xa foron trasladados a un laboratorio para a súa análise. En principio, polas características do metal do que está feita a pa (ferro), parece que pertence a Idade de Ferro e de confirmarse esta hipótese o achado acadaría un gran valor histórico. Barállase a posibilidade de que as correntes arrastraran esta ferramenta ata o porto e os animais xogaran con ela accidentalmente. A voz de alarma deuna un pescador do pobo que estaba faenando na zona.

Dende que se produciu o suceso, son tantas as persoas que acoden ao lugar para facer fotos, vídeos,... que houbo que cortar o acceso aos arredores do peirao para protexer a estes peculiares animais e reabrirse de novo cando regresen ao seu hábitat natural.

ALUMNADO 6º B EP



NON VOS PARECEN XENIALES ESTAS 12



DUNHA

MESMA

NOTICIA????

Pasatempos



Un pasatempo activo: saúde+natureza

Ruta: subida ao mirador da Miranda desde o río Lourido.



Iniciamos a ruta na estación de tratamento de auga potable de Cariño e A Pedra, xunto ao río Lourido.




Rematamos no mirador da Miranda



Se queres coñecer máis rutas
visita <http://lab.colecarino.net/ef/rutas>

Alumnas e alumnos de sexto.





O ESPIGONCIÑO



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 21

CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" DE CARIÑO.